



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL, A UNIVERSIDADE CARLOS III DE MADRID, A FUNDACIÓN FRANCISCO GINER DE LOS RÍOS-INSTITUCIÓN LIBRE DE ENSINANZA E A FUNDACIÓN ESTUDO SOBRE A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS POR PARTE DO ALUMNADO DO MESTRADO PROPIO EN INNOVACIÓN EDUCATIVA. “LABORATORIO DA NOVA EDUCACIÓN”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **DECLARA:**

Que esta Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ten previsto formalizar coa Universidade Carlos III de Madrid, a Fundación Francisco Giner de los Ríos-Institución libre de ensinanza e a Fundación Estudio o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue o curso 2018/19, ata 20 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer un marco de colaboración para que o alumnado do título propio mestrado/especialista/experto en Innovación Educativa. “Laboratorio da Nova Educación”, impartido pola Universidade Carlos III en colaboración coas outras entidades, poida realizar prácticas na Asesoría de Bibliotecas Escolares, Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, co ánimo de colaborar na formación integral do alumnado universitario.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

1. O título propio mestrado/especialista/experto en Innovación Educativa. “Laboratorio da Nova Educación” contempla a posibilidade de realizar prácticas como parte do seu programa de créditos, como complemento da formación académica.
2. A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional considera de utilidade para os seus fins institucionais o establecemento dun marco de colaboración que permita ao alumnado realizar prácticas na Asesoría de Bibliotecas Escolares da Dirección Xeral de Centros y Recursos Humanos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela

galicia

recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria.

Santiago de Compostela,

Director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez



Xacobeo 2021

